



GRUPO B febreiro - abril 25

BIBLIOTECA PÚBLICA MUNICIPAL M^o JOSÉ TRINCADO
MERA



MONOGRÁFICO MATERNAR E PATERNAR NA LITERATURA: A FAMILIA

O que algúns chaman moda literaria ten que ver con algo do que por tantos séculos non se falou e sobre o cal temos moito que dicir. Cada maternidade é única, porque cada maternidade está atravesada pola economía, a personalidade, as familias, a política. Entón, pensar que todo está devandito é absurdo. Desmitificando maternidades e paternidades na literatura.

LIBRO 1: HISTORIA DE LOS VERTEBRADOS, de Mar García Puig.

17/02/25

O que debería ser o día máis feliz na vida da narradora desta novela convértese no inicio dunha historia de tolemia. A ansiedade apodérase dela e o peso do mundo cae sobre os seus ombreiros por partida dobre: debe coidar aos seus xemelgos recentemente nados e dar voz aos que confiaron nela. Esta historia indaga nunha ferida persoal para conectar con loitas universais, e é unha viaxe a través da arte, a literatura, a mitoloxía e a historia da medicina.

LIBRO 2: OS SERES QUERIDOS, de Berta Dávila. 17/03/25

Cinco anos despois de ser nai, a protagonista desta novela atópase inesperadamente na disxuntiva de decidir se quere volver selo ou non. O recordo doloroso do primeiro ano de crianza do seu fillo devólvelle un reflexo da experiencia que non resulta doado encaixar, atravesado pola culpa e o arrepentimento. Desde o relato das derradeiras semanas do ano, onde as reunións familiares se mesturan con acontecementos repentinos, a narradora fálanos da familia e da parella, dos lazos que non se escollen, pero tamén do loito, da amizade e da capacidade da literatura para recoller aquilo ao que nos custa poñerlle nome.

LIBRO 3: LLÉVAME A CASA, de Jesús Carrasco. 21/04/25

Esta é unha novela familiar que reflicte de forma brillante o conflito de dúas xeracións, a que loitou por saír adiante para transmitir un legado e a dos seus fillos, que necesitan afastarse en busca do seu propio lugar no mundo. Nesta emotiva historia de aprendizaxe, Jesús Carrasco traza unha vez máis personaxes formidables sometidos a decisións fundamentais cando a vida ponos contra as cordas.